

AUTORA

Fina Casalderrey

ILUSTRADORA

Mar Villar

TEMAS

Amizade. Familia. Amor. Educación para a igualdade. Superación persoal. Animais. Mundo rural. Educación sexual. Traballo en equipo

COMPETENCIAS

Persoal, social e de aprender a aprender. STEM. Plurilingüe

RELACIÓN CON OTRAS ÁREAS

Ciencias da Natureza

N.º DE PÁXINAS: 152



O misterio dos fillos de Lúa

Os misterios da vida

POR QUE LER ESTE LIBRO

Porque é un relato repleto de tenrura e humor que de seguro arrincará máis dun sorriso. Porque conta en primeira persoa o proceso de aprendizaxe dun neno de 8 anos que, pouco a pouco, vai descubrindo moitos dos pequenos e grandes misterios da vida: a reprodución, o amor, a amizade, a morte...

RESUMO DO ARGUMENTO

A Lúa, a gata de David, des- aparécenlle os gatiños ao día seguinte de telos. Quen lle leva os fillos? David e a súa amiga Branca non han parar ata ter a resposta. Cando Lúa volve quedar preñada, os nenos lle procuran un recuncho segredo para que poda parir tranquila. Lúa ten os seus gatiños e, deseguido, comeza a lambelos. Os nenos pensan que vai comelos e chaman á nai de David, quen lles explica a verdade: non foi Lúa senón o can dos veciños quen comeu os gatiños. Agora, tanto as crías coma a súa nai están sas e salvas.

PARA QUEN É ESTE LIBRO

Para aqueles lectores que comezan a sentir curiosidade sobre a reprodución e o mundo que lles rodea. Para os amantes dos animais e da natureza. Gustará especialmente aos rapaces que disfrutan coas narracións a modo de diario.

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

INDIVIDUAL

Para comprobar que seguiron ben a historia, pídelles aos teus alumnos que poñan en **orde cronolóxica** os sucesos que conta David, facendo especial énfase nos embarazos de Lúa, as desaparicións dos gatiños, e o curso da investigación.

PARELLAS

Propón aos tus alumnos que, en parellas, escollan **a pasaxe máis divertida** do libro. Deberán anotar o número do capítulo, facer un resumo do que está a pasar e explicar por que lles fixo rir. Logo, invítaos a imitar á autora escribindo un breve texto en clave de humor (4 ou 5 liñas bastan), que poden basear nunha anécdota real ou inventada.

GRUPO

A partir das observacións que David fai sobre a súa nai ao longo do relato, prepara un **debate sobre o reparto das tarefas domésticas e familiares** e os roles dos pais e das nais. Podes lanzar estas preguntas para incentivar o diálogo: *Por que pensan que se alporiza tanto a nai de David? Que fai o pai neses casos? Cales son as responsabilidades da nai de David? Quen se encarga das cousas no seu fogar? Existen tarefas de pais e tarefas de nais? Saben o que é a carga mental? Como contribúen eles nas responsabilidades familiares?*

CIENCIAS DA NATUREZA

David e Branca observan os cambios no comportamento de Lúa: cando está en celo, cando está preñada, cando pare... Aproveitade para falar da reprodución dos animais. Organiza os teus alumnos en grupos e asígnalles un animal (escolle diferentes tipos: *réptiles, aves, mamíferos, peixes, insectos* etc.) A continuación, proponlles facer unha **investigación sobre a reprodución** dese animal en todas as fases do proceso (*o celo, o cortexo, a fecundación, a xestación, o coidado das crías...*). Poden acompañar o traballo de debuxos ou fotografías e, ao final, compartir as súas conclusións co resto da clase.



TALLER DE ESCRITURA

Invita aos teus alumnos a escribir un texto en forma de **diario sobre o que fixeron durante a fin de semana**. Recórdalles que deben facer como David: presentar e describir os membros da súa familia (mascotas incluídas se as houbera) e contar as anécdotas máis divertidas, sen esquecer os seus pensamentos e emocións. Se o desexan, poden incluír un debuxo.